| | |
|---|---|
| **Comunidade Autónoma / Departamento / Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | LAXE |
| **Edificio** | Igrexa de San Mamede de Sarces |
| **Dirección** | Lugar das Virtudes, 3. 15118 |
| | 43.190326 -9.004371 |
| **Protección** | |
| **Descricion** | A base arquitectónica románica deste templo data de finais do século XII ou primeiros do S. XIII, pero daquela obra queda moi pouco, xa que a ábsida foi reconstruída nos últimos anos do S. XVII e a nave no S. XVIII.<br>Presenta unha planta de salón formada por unha capela maior ou presbiterio. Arrimada ó muro norte da capela maior, e comunicada directamente con ela mediante unha porta, ten a sancristía. A fachada, coa clásica traza pentagonal, culmínase cunha espadana de grandes dimensións. A porta, formada por un arco de medio punto, presenta grandes doelas. A capela maior está cuberta por unha bóveda octogonal, rematada na parte central nunha pequena lanterna con cristais de cores que ilumina o interior. No muro sur da nave abríronse dous nichos ocupados polos retablos da Virxe do Carme e da Virxe de Luján. Arrimada ó muro oeste da nave atópase a tribuna, de recente construción. No exterior da igrexa hai un atrio de reducidas dimensións, a abandonada casa rectoral e o cemiterio. |
| **Campás** | 2 campás. |
| **Fotos** | 1 |
| **Toques actuais de campás** | |
| **Conservación, mantemento** | |
| **Propostas** | |
| **Autors da documentación** | www.turismo.gal (Xunta de Galicia) |
| **Data** | 11-09-2022 |

## Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---|---|---|---|---|---|
| Espadana | Menor. | | 1852 | 55 | 96 |
| Espadana | Maior. | OCAMPO (ARCOS DA CONDESA) | 1968 | 60 | 125 |

Información completa: Igrexa de San Mamede de Sarces - LAXE (GALICIA)

PDF (23-05-2026)